



"E TI QUE PINTAS?"

MEMORIA

P. D. I.



**BIBLIOTECA
CEIP "OS MUÍÑOS"**

CURSO 2021-22

An illustration of a wooden easel holding a white rectangular sign with the word 'INTRODUCCIÓN' written on it in black capital letters.

INTRODUCCIÓN



XUSTIFICACIÓN

O CEIP “Os Muíños” está situado ao oeste da provincia da Coruña na zona da Costa da Morte, no concello de Muxía na localidade que dá nome ó colexio, a aldea de Os Muíños, parroquia de Moraime, a 4 km da capital do Concello.

O colexio ten na actualidade dúas unidades de E. Infantil, unha delas mixta (3 e 4 anos); cinco de Primaria, unha delas mixta (1º-2º E.P.) e unha de Educación Especial (aula específica). É un centro rural e pequeno de 117 alumnos matriculados no curso 2021-22 e 15 mestres dos que o 60% son definitivos.

Aínda que levamos moitos anos traballando a partir de proxectos anuais xerados pola biblioteca, imos co sexto curso na elaboración de Proxectos Documentais Integrados. A experiencia nos proxectos anteriores: “As viaxes”, [“Músicas a tutiplén”](#), [“Muller tiña que ser”](#), [“Os nosos oficios”](#) e [“Facemos camiños”](#) (premiado no curso 2020/21) levounos a seguir nesta liña de traballo, animando a todo o claustro na participación e implicación do proxecto, empregando metodoloxías activas, participativas, colaborativas e inclusivas.

Previo a elaboración das Liñas Prioritarias do curso 2021-22, todo o profesorado deseñou propostas que se levaron a votación a través de cuestionarios online. A máis votada foi “A Pintura”, proxecto deste curso escolar baixo o lema “E ti que pintas?”.

O proxecto quedou aprobado no último claustro e no Consello escolar do curso pasado. Na 1º reunión de titorías informouse ás familias da temática e obxectivos do proxecto, convidándoas a participar e a colaborar activamente nas actividades.

Neste proxecto implicouse toda a comunidade educativa. Participou a totalidade do alumnado e profesorado así como o persoal non docente e familias.



CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS

O proxecto ten unha temporalización dun curso académico. Estrutúrase por trimestres en base aos eventos e conmemoracións. Nas diferentes datas a celebrar en común, a Biblioteca achega propostas de traballo ofrecendo o apoio (recursos, materiais, asesoramento...) que mestres e alumnado precisan para o desenvolvemento do seu traballo nas aulas.



1º TRIMESTRE



2º TRIMESTRE



3º TRIMESTRE



ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Implicouse neste proxecto todo o profesorado (15 mestres) e todo o alumnado (117 entre Infantil e Primaria). A pesar da situación excepcional derivada da pandemia, foi un curso moi positivo e gratificante na que todo o claustro colaborou na elaboración de distintos proxectos relacionados co tema así como no desenvolvemento das actividades propostas polo equipo de biblioteca en colaboración co resto dos equipos. O EAE e ENDLG relacionou co proxecto todas as actividades trimestrais en cooperación co equipo de biblioteca.

O persoal non docente así como as familias tamén participaron nalgunhas das propostas da biblioteca.



ELEMENTOS CURRICULARES



OBXECTIVOS: A través do proxecto traballáronse multitude de obxectivos curriculares, destacamos os principais:

- Profundizar no coñecemento de sete estilos artísticos.

- Coñecer, mirar e descubrir os diferentes artistas e as súas obras.
- Dar a coñecer distintas técnicas e correntes pictóricas que se sucederon ao longo dos anos.
- Construír as aprendizaxes a través da experimentación, a observación e a manipulación favorecendo o desenvolvemento da autonomía, a imaxinación e a creatividade.
- Fomentar a lectura a través de libros relacionados co proxecto.
- Expresar emocións e sentimentos a través de producións plásticas.
- Observar e recoñecer obras de arte relevantes e coñecidas de artistas famosos.
- Utilizar os recursos da biblioteca (Radio e Biblioteca Creativa) para o desenvolvemento do proxecto.
- Fomentar o traballo en equipo como ferramenta de investigación.
- Aprender e ampliar vocabulario relacionado coa Pintura.
- Utilizar a biblioteca como lugar de investigación e traballo.
- Conseguir cidadáns responsables, autónomos, respectuosos e felices que participen de forma activa nunha sociedade inclusiva, partindo das súas capacidades, desenvolvendo o seu talento e equilibrando a súa autoestima, mediante unha metodoloxía activa, colaborativa e participativa adaptable á diversidade do alumnado.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

CLAVE: nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenvolvendo no PDI estiveron integradas en distinta medida todas as competencias básicas:

- **Comunicación lingüística (CCL):** a través da recompilación e procesamento da información relacionada co proxecto e a súa expresión en traballos escritos.


Tamén a través da utilización da prensa como punto de partida para a análise da información.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizando liñas temporais. Traballando a través das obras artísticas elementos matemáticos como formas xeométricas, proporcións...
- **Competencia dixital (CD):** aprendendo a buscar e interpretar a información sobre os estilos artísticos realizando un aproveitamento adecuado das fontes de información. Utilización de pizarras dixitais, cámaras, técnica audiovisual Croma.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** planificando, emprendendo e avaliando accións individuais e en grupo. Valorando esforzo como recompensa para chegar á meta.
- **Competencia para a conciencia e expresións culturais (CCEC):** coñecendo e valorando a diversidade cultural.
- **Competencia para aprender aprender (CAA):** obtendo información relativa aos estilos artísticos para transformala en coñecemento propio e integrala posteriormente no pensamento.



A temática de investigación é a Pintura baixo o lema “E ti que pintas?”

CURSO	ESTILO ARTÍSTICO
4º5º INFANTIL	PREHISTÓRICO- SURREALISMO
6º INFANTIL	CUBISMO
1º-2º E.P.	CLÁSICO - RENACEMENTO
3º E.P.	EXPRESIONISMO
4º E.P.	BARROCO
5º E.P.	MURALISTA - GRAFISMO
6º E.P.	ROMANTICISMO



DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Nada máis iniciar curso, o equipo de biblioteca en colaboración co resto de equipos docentes e do Voluntariado sempre decoran o colexio acorde ao proxecto anual: a biblioteca, o recuncho lector, a parede da entrada principal e as escaleiras que dan acceso ás aulas. Este curso permitiuse a decoración das paredes nos andadeiros do colexio.

Na primeira reunión de biblioteca fixemos un listado de estilos artísticos e na reunión de ciclos, cada nivel escolleu un estilo, sendo este o resultado:


<https://tiquepintas.blogspot.com/2021/10/e-ti-que-pintas.html>

Na primeira reunión do equipo de biblioteca na que asistiron os coordinadores do resto de equipos docentes acordamos relacionar co PDI todas as conmemoracións.

A participación no proxecto por parte da comunidade educativa pódese dividir en dous bloques que se complementan:

- Datas a celebrar en común: O equipo de biblioteca organizou o PDI en función das conmemoracións facendo esquemas trimestrais que se entregaron a todo o profesorado. Neste tipo de actividades participaron todas as titorías e polo tanto, todo o alumnado desde 4º de Infantil a 6º de Primaria.
- Traballo a nivel de titorías, especialidades, departamentos...

Debido á situación derivada da pandemia, todas as actividades fixéronse a nivel de grupo aula e de xeito virtual.



- [Plan anual de lectura](#)
- [Propostas para a escolla dos estilos artísticos.](#)
- Esquemas trimestrais das actividades propostas pola biblioteca en colaboración co resto de equipos docentes. Pódense visualizar a 2ª páxina deste documento.
- [Selección de fondos relacionados co proxecto.](#)
- [Blog PDI.](#) No blog facilítanse recursos principalmente para a temática do proxecto. Todas as actividades relacionadas co proxecto publícanse neste blog.
- Achegas de información e recursos para a realización das actividades propostas pola Biblioteca en colaboración co ENDLG e EAE.
- Diplomas concurso de cabazas: [“Familias pintoras, cabazas decoran”](#)
- Anunciar as actividades (blog e aulas): Festivais, Obradoiros e conferencias, Maratón de lectura, exposición orais virtuais, novidades...
- Materiais previos á realización de actividades. Exemplo: <http://ninhodacuruxa.blogspot.com/2022/02/preparandonos-para-o-dia-de-rosalia.html>
- Cuestionarios de avaliación das actividades realizadas (mestres e alumnado).

TAREFAS MÁIS IMPORTANTES
REALIZADAS AO LONGO DO
PROXECTO POLO ALUMNADO



1º TRIMESTRE



OUTUBRO

- “E ti que pintas?”: As titorías escolleron cadanseu estilo artístico.
- “Aquí pintamos todos”: Actividade materia Ed. **Artística: Plástica (5º E.P.)**
- “Gervasio Sar e dando todo”: Traballo colaborativo de **alumnado de 6 E.P.** en homenaxe ao artista.
- Novidades
- “Decorando”: O **alumnado de 6º E.P.** familiarizándose co proxecto.
- “Observando e aprendendo”: Traballando a atención e a escoita activa a través do PDI (6º E.P.).
- Prensa- escola- Pintura: noticia da Prensa relacionada co PDI. (**Programa Prensa-escola**).
- “Chuvia de ideas”: Actividade sobre as características da pintura Gótica. (**Libre configuración**).
- Concurso de cabazas: Actividade relacionada co PDI proposta polo **EAE en colaboración co equipo de biblioteca e ENDLG.**
- “Aprendendo coa prensa”: Nova na prensa relacionada co PDI (**Programa Prensa escola**).

- [“Familias pintoras, cabazas decoran”](#): Actividade **familias**.
- [Exposición “Familias pintoras, cabazas decoran”](#): Montou a exposición o **alumnado de Infantil e Primaria**.
- [Entrega de premios concurso de cabazas](#): Un diploma por curso. (**Equipo biblioteca**).
- [“Pintamos de medo”](#): Proposta da **biblioteca en colaboración co EAE e ENDLG**.

NOVEMBRO

- [“Mural da igualdade”](#): **Todo o alumnado** participa na elaboración do mural.
- [“Elaborando enquisas”](#): Actividade relacionada co PDI (**Libre configuración**).
- [“MIROdeando”](#): Materia Ed. **Artística: Plástica (4º E.P.)**
- [“O meu autorretrato favorito”](#): Actividade materia **Inglés (5º E.P.)**
- [Ambientación de portas](#): Actividade proposta polo **equipo de biblioteca**. Participou **todo o alumnado**.

DECEMBRO

- [“Facendo e aprendendo”](#): Decoración das escaleiras. **Equipo de biblioteca e Voluntariado**.
- [“Tempos de Nadal”](#): Actividade proposta polo **equipo de biblioteca**.
- [“Nadal Arte”](#): Participou **todo o alumnado** na elaboración da árbore de Nadal.
- [Anunciamos](#): Festival de Nadal. Proposta **equipo biblioteca en colaboración cos equipos docentes**.
- [“Maxia radiofónica no Nadal”](#): o **alumnado de 6º E.P.** utilizou a **radio** na actividade do festival de Nadal.
- [Festival virtual “E ti que pintas?”](#): Participou **todo o alumnado. Voluntariado**.



2º TRIMESTRE



XANEIRO / FEBREIRO

- Procesamento da información: propostas 2º trimestre. **Equipo biblioteca.**
- “Hoxe vai de pintores”: **Programa Prensa- Escola.**
- “Unha pintora de Muxía: Viki Rivadulla”: **Programa Prensa – Escola.**
- Anunciamos: Conferencia sobre o Romanticismo. (6º E.P.)
- “Máis aló do que ven os nosos ollos, que nos conta a pintura”: organizada polo **Equipo de biblioteca.** Conferencia para o alumnado de 6º E.P.
- “Así son eu!”: Actividade Ed. Artística (Plástica) **Alumnado 4º E.P.**
- “Celebrando a Rosalía con Mon Lendoiro”: **Programa Prensa – Escola.**
- “As cores de Rosalía”: Actividade proposta polo **equipo de biblioteca.** Participou **todo o alumnado.**
- “Goya, un gran pintor”: Presentación sobre Goya. Traballo voluntario de **alumnado de 6º E.P.**
- “Cadros do Romanticismo”: Actividade realizada polo alumnado de 6º E.P. /Radio
- “Anunciamos Obradoiro STEAM”: Obradoiro organizado e realizado pola **coordinadora do proxecto Biblioteca Creativa.** O alumnado de 6º E.P. elaborou unha actividade relacionada co PDI.
- “EntroidArte”: Actividade proposta polo **equipo de biblioteca en colaboración co EAE e ENDLG.** Participou **todo o alumnado.**

MARZO

- [“ReCreo STEAM”](#): na actividade relacionada co PDI participou o **alumnado de 6º E.P.**
- [“PintorAs”](#): Actividade proposta polo **equipo de biblioteca en colaboración co EAE e ENDLG**. Participou **todo o alumnado**.
- [Anunciamos](#) conferencia sobre a pintura Barroca. (4º E.P.). Actividade organizada polo **equipo de biblioteca**.
- [“Canto pagarías por un cadro”](#): Alumnado 6º E.P. **Programa Prensa – escola**.
- [Anunciamos](#) festival de Poesía “Pintamos versos”. Actividade proposta polo **equipo de biblioteca**.
- [Festival virtual de Poesía](#): Rematamos trimestre (8 de abril) co festival de Poesía. Participou **todo o alumnado**. **Voluntariado**.
- [“Pintamos versos”](#): Alumnado (Infantil, 1º2º, 3º, 4º e 6º).



3º TRIMESTRE




ABRIL

- Esquema 3º trimestre: [Produto final \(PDI\)](#)
- [“Radio Cubista”](#): Actividade relacionada co PDI. **Radio / alumnado 6º Infantil**.
- [Escornabots no Barroco](#): panel elaborado polo **alumnado de 4º E.P. Biblioteca Creativa**.
- [“Labrando a Velázquez en la madera”](#): **programa Prensa – Escola. (6º E.P.)**.
- [Anunciamos](#) “Maratón de lectura”. **Proposta equipo de biblioteca**.
- [“Pintando lecturas”](#). Celebración Día do Libro. Proposta **equipo de biblioteca**. Participou o **alumnado de Primaria**.

- [“A maxia da ilustración”](#): ANPA
- [“A obra de Laxeiro”](#): Programa **Prensa – Escola. Alumnado 6º E.P.**

MAIO - XUÑO

- [“Outra nova sobre Pintura”](#): Programa **Prensa – Escola. Alumnado 6º E.P.**
- [Ouka Leele, a pintora das fotos](#): Programa **Prensa – Escola. Alumnado 6º E.P.**
- [Os artistas de 1º -2º E.P. anuncian](#) “O Renacemento”. **Alumnado 1º2º E.P.**
- [“A pintura do Renacemento”](#): Exposición virtual **alumnado 1º2º E.P.**
- [Os pintores de 6º E.P. anuncian](#) “Pinceladas do Romanticismo”. **Alumnado 6º E.P.**
- [Pinceladas do Romanticismo](#): Exposición virtual **alumnado 6º E.P.**
- [Os artistas de 3º E.P. anuncian](#) “Expresionismo”. **Alumnado 3º E.P.**
- [O Expresionismo](#): Exposición virtual **alumnado 3º E.P.**
- [Os artistas de 6º E. Infantil anuncian](#) “O cubismo”. **Alumnado 6º Infantil.**
- [O Cubismo](#): Exposición virtual **alumnado 6º Infantil.**
- [Os pintores de 4º E.P. anuncian](#) “Viva o Barroco”. **Alumnado 4º E.P.**
- [Museo “Viva o Barroco”](#). Exposición virtual **alumnado 4º E.P.**
- [Os artistas de 5º E.P. anuncian](#) “Muralismo e Graffiti”. **Alumnado 5º E.P.**
- [Muralismo e Graffiti](#): Exposición virtual **alumnado 5º E.P.**
- [Os artistas de 4º5º Infantil anuncian](#) “A Prehistoria e Maruja Mallo”. **Alumnado 4º5º Infantil.**
- [A Prehistoria e Maruja Mallo](#). Exposición virtual **alumnado 4º5º Infantil.**
- [Visita ao “Museo Man” de Camelle](#). **Alumnado 3º - 4º E.P.**
- [Visita ao “Museo Fernando Blanco”](#). **Alumnado 1º-2º E.P.**
- [A maxia da ilustración](#): Taller de ilustración. **Club de lectura “Papalibros”**



RECURSOS UTILIZADOS



Recursos web: no blog do PDI [“E ti que pintas?”](#) están aloxadoos os recursos do proxecto.



A biblioteca como centro de recursos imprescindibles para o traballo por proxectos: ordenadores; telón verde para utilizar o recurso Croma; programas de edición de vídeo e de son; horas de titoría reservadas para biblioteca; notas de comunicación de actividades; fondos bibliográficos de narrativa e consulta relacionados co proxecto; Voluntariado; recuncho da entrada da biblioteca como expositorio; cámara de fotos; tablets e lectores electrónicos; proxecto Scornabot; proxecto Radio na biblio; programa Prensa-escola; internet.



Materiais da aula: pizarras dixitais, proxectores, ordenadores (EDIXGAL), muráis...



Claustros, reunións de equipo, CCP e CICLOS.



Recursos humanos: comunidade educativa.



Saídas alumnado 1º,2º,3º,4º E.P.: Museos



Redes sociais [Facebook da biblioteca](#); prensa “[Que pasa na costa](#)”.



Blog da biblioteca, EDNL, EAE, Biblioteca Creativa, Muíños nas ondas, Prensa-Escola.



Teléfono, correos electrónicos, ABALAR.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Aínda que a situación vivida este curso, a todos os niveis, foi complicada, o PDI puido levarse a cabo grazas ao apoio do Equipo Directivo e claustro en todas as propostas da biblioteca.

Todas as aulas participaron no proxecto, polo que a implicación dos mestres e alumnado foi do 100%.

Traballaron conxuntamente e colaboraron co equipo de biblioteca o EDNL e EAE.

O persoal non docente colaborou en distintas actividades, entre elas, na celebración do Día do Libro “Pintamos lecturas”.

As familias colaborando en moitas das actividades. Participaron no concurso “Cabazas peregrinas polos Muíños camiñan”. Tamén cooperaron sempre que se solicitou material para a realización das actividades.

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A ferramenta principal de difusión dos traballos á comunidade educativa son os blogs:



**AVALIACIÓN REALIZADA.
PROCEDEMENTOS
EMPREGADOS**

Observar o grado de implicación dos mestres e alumnado nas dinámicas de aula e o seu nivel de involucración nas propostas da Biblioteca así como analizar a calidade dos traballos finais ofrécenos unha información moi valiosa acerca do grado de aproveitamento do proxecto.

Elaboráronse cuestionarios trimestrais para avaliar, alumnado e mestres, as actividades propostas pola biblioteca en colaboración co resto de equipo de docentes.



1º TRIMESTRE:  [ALUMNADO](#)  [MESTRES](#)



2º TRIMESTRE:  [ALUMNADO](#)  [MESTRES](#)

Non se fixo avaliación das actividades do 3º trimestre. A “Xincana da Arte” (a través do xogo avalíanse os contidos traballados ao longo do curso) non foi posible levala a cabo debido á situación Covid.

**FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN
DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca escolar foi o eixe condutor da posta en marcha do proxecto “E ti que pintas?” aportando documentos; coordinando as actividades cos outros equipos; buscando e seleccionando información; facilitando materiais e recursos; aportando fondos bibliográficos relacionados co proxecto; creando espazos de traballo e investigación;

ampliando material informático; documentando, editando e difundindo todos os traballos elaborados polo alumnado. En definitiva, a Biblioteca escolar en consonancia cos demais equipos guiou e motivou a toda a comunidade educativa.

Rematamos este curso artístico no último Claustro, no que a directora fixo un balance persoal do curso, botando man do PDI “E ti que pintas?”. Ver [AQUÍ](#)

Somos conscientes de que todo é mellorable e de que cada ano intentaremos facelo un pouco mellor pero tamén de que fixemos un bo traballo grazas a colaboración, participación e implicación do claustro, alumnado, persoal non docente, familias, equipos docentes e da dirección do centro. Por todo iso, pensamos continuar nesta liña de traballo e ser cada vez máis eficientes no deseño e realización de Proxectos Documentais Integrados.

Os Muíños, 8 de xullo de 2022

A responsable da biblioteca



María José Abelleira Pequeño



Vº e P. da Directora



Aurelia Mª Picallo Merlán